

CONCELLARÍA DE DEPORTES

CAMPAMENTOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS URBANOS

VERÁN 2020



ÁGORA
CENTROS CÍVICOS
DEPORTES
EDUCACIÓN
JUVENTUD
FÓRUM
MUSEOS CIENTÍFICOS
OMIC
ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA

CAMPAMENTOS DE VERÁN 2020

FUN ABCD

O CONCELLO LANZA MÁIS DE 7.500 PRAZAS ANTE AS NECESIDADES DE CONCILIACIÓN DERIVADAS DO COVID

 **Concilia**

DATAS DE INTERESE

PREINSCRICIÓN	27, 28 E 29 DE MAIO (ATA AS 20:00 HORAS)
PUBLICACIÓN LISTAXES	30 DE MAIO ÁS 10:00 HORAS
ALEGACIÓNS	30 E 31 DE MAIO E 1 DE XUÑO (ATA AS 15:00 HORAS)
SORTEO	3 DE XUÑO ÁS 12:00 HORAS
LISTAXES DE ADMITIDOS E DE AGARDA	9 DE XUÑO ÁS 10:00 HORAS
FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULAS OU RENUNCIAS	10, 11 E 12 DE XUÑO (ATA AS 15:00 HORAS)
CHAMADA LISTAXES DE AGARDA	DO 13 AO 19 DE XUÑO
COMEZO DOS CAMPAMENTOS	29 DE XUÑO

ACTIVIDADES:

MULTIDEPORTE

NATUREZA

PISCINA

XOGOS

CREATIVIDADE

COLABORACIÓN DOS CLUBS DEPORTIVOS DA CIDADE

As actividades serán distintas en función das idades dos nenos e nenas. Son campamentos para xogar e desfrutar. Realizarase o maior número posible de actividades ao aire libre.

BASES REGULADORAS DOS CAMPAMENTOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS URBANOS ORGANIZADOS POLA CONCELLARIA DE DEPORTES NO VERÁN 2020

O Concello da Coruña, a través da Concellaría de Deportes, pretende organizar por primeira vez campamentos deportivos municipais urbanos de verán co fin de facilitar a conciliación da vida laboral e familiar para aquelas persoas que teñen que traballar nos meses de verán e que teñen que buscar una saída para o coidado dos seus fillos e fillas.

De igual modo, búscase que os nenos e nenas da cidade poidan relacionarse de novo con persoas da súa idade.

Despois deste período de confinamento, no que aínda nos encontramos en fase de desescalada, os nenos e nenas preciasan volver a ter un contacto social con outros menores.

A combinación de ocio e deporte convírtese na mellor terapia para os nosos nenos e nenas.

O contacto coa natureza, os xogos, a creatividade, serven para que os nenos e nenas volvan a sentir o que son.

Os campamentos organizados pola Concellaría de Deportes pretenden ser seguros. Sen embargo, intentar que os nenos e nenas non se toquen é casi imposible polo que temos que garantir que cando accedan as nosas instalacións e actividades o fagan coa maior seguridade que poidamos, e en iso estamos a traballar: deporte, hixiene, saúde e prevención.

Para iso publicarase un Protocolo de medidas de hixiene sanitarias na páxina web da Concellaría de Deportes que debe coñecerse e cumprirse por todos os participantes nos campamentos, así como polo profesorado e monitorado.

Intentaranse realizar actividades deportivas de forma individual, xogos gardando distancias de seguridade e actividades, como debuxo e manualidades.

Realizaranse controis de temperatura á entra e á saída, desinfección do calzado e lavado de mans constante. Desta forma os nenos e nenas podense ir preparando para a volta ao colexio e ir aprendendo as novas normas de conducta social.

Os campamentos deportivos urbanos irán variando en función da fase na que nos encontremos na nosa cidade da desescalada motivada pola Covid-19.

1. OBXECTO

É obxecto destas bases a regulación da convocatoria dos campamentos deportivos de verán organizados pola Concellaría de Deportes durante o verán do ano 2020, así como o establecemento das normas para o correcto desenvolvemento dos campamentos.

Os obxectivos dos campamentos son:

- Promover o deporte en idade infantil, como así establece a Lei do Deporte de Galicia e a Lei 7/1985, do 2 de abril, no seu artigo 25.2, sendo esta unha competencia propia dos municipios. Nos campamentos ensinaranse diferentes disciplinas deportivas para que os menores poidan coñecer e valorar cal se axusta mais aos seus gustos e condicións físicas.
- Axudar á conciliación da vida persoal e laboral das familias coruñesas durante as vacacións de verán dos menores.
- Fomentar a convivencia entre nenos e nenas en ámbitos distintos aos habituais do seu entorno, permitindo que coñezan outros nenos/as e vivir experiencias durante a época de vacacións. Non so se realizarán actividades deportivas, senon tamén de ocio e tempo libre.

2. PERSOAS DESTINATARIAS

Poderán solicitar a súa participación nos campamentos deportivos municipais de verán os nenos e as nenas con idades comprendidas **entre os 6 e os 13 anos, coa idade cumprida a 31 de decembro de 2020.**

Terán preferencia para a obtención dunha praza:

En primeiro lugar, os menores empadroados/as na cidade da Coruña cuxos pais, nais e titores teñan que traballar durante a quincena na que solicitan os campamentos.

En segundo lugar, aqueles menores non empadroados/as na cidade da Coruña pero que o seu pai, nai, titor, titora traballe na cidade de A Coruña durante a quincena na que solicitan os campamentos.

En último lugar, o resto de nenos e nenas que estean interesados en acudir a estes campamentos sempre e cando queden prazas dispoñibles.

O Servizo Municipal de Deportes realizará de oficio a comprobación no padrón municipal do requisito de empadramento do menor. No caso de que se produza un engano na declaración responsable que se debe presentar asinada para realizar a inscrición, o menor perderá o dereito a obter unha praza nos campamentos deportivos municipais.

3. LUGAR DE REALIZACIÓN DOS CAMPAMENTOS

Os campamentos terán como sede tres instalacións deportivas municipais:

Campamento Riazor: Palacio dos Deportes de Riazor, combinado co Campo de fútbol e areal de San Pedro de Visma.

Campamento de Novo Mesoiro: Polideportivo de Novo Mesoiro, combinado co Campo de fútbol Johan Cruyff.

Campamento do Barrio das Flores: Polideportivo do Barrio das Flores, combinado co Campo de fútbol Víctor Fernández Alonso.

A pesar de que os campamentos terán esa sede, que se utilizará para a entrega e recollida dos nenos e nenas, intentarase realizar actividades ao aire libre, para o cal se utilizarán estas outras instalacións deportivas:

Cidad Deportiva da Torre
Pistas de tenis Rafael Alberti
Pistas de petanca e de chave
Piscina do Club do Mar de San Amaro
Campo de Golf da Torre

Ademais, poderanse programar excursións a museos científicos da cidade, parques e praias, sempre e cando o permitan as autoridades sanitarias.

Contarase con autobuses para realizar as saídas. Tamén se poderán realizar andainas.

Na solicitude poderase elixir una, dúas ou todas as instalacións deportivas municipais, ordenándoas por preferencia.

Non se deberá solicitar unha instalación que non se desexe obter.

Intentaranse asignar as sedes dos campamentos en función das preferencias sinaladas na solicitude. Sen embargo, de non asignar a preferente o menor deberá aceptar a praza ou renunciar no prazo establecido nesta convocatoria.

Todas as solicitudes relativas aos menores membros dunha mesma familia (irmáns) deberán ir dirixidas á mesma sede e mesmas quendas. En caso contrario non se poderá garantir a praza de todos e todas. Ademais, deberá ser formalizadas pola mesma persoa (mesmo NIF, NIE ou Pasaporte).

4. DURACIÓN DOS CAMPAMENTOS: DISTRIBUCIÓN POR QUENDAS

Organizaranse campamentos por quendas, sendo a duración efectiva de 10 días hábiles.

Os campamentos deportivos municipais terán unha duración do 29 de xuño ao 6 de setembro de 2020, **de luns a venres**, sempre e cando non coincida algún festivo entre semana. Non se realizarán campamentos os fins de semana nin os festivos.

As quincenas que se poderán elixir son:

Do 29 de xuño ao 12 de xullo

Do 13 de xullo ao 26 de xullo

Do 27 de xullo ao 9 de agosto

Do 10 de agosto ao 23 de agosto

Do 24 de agosto ao 6 de setembro

Na solicitude poderase elixir una, dúas ou todas as quendas nas que se desenvolvan os campamentos deportivos municipais.

As quedas solicitadas deben coincidir co período de traballo do pai, nai, titor ou titora, debido a que os campamentos ofertanse para facilitar a conciliación da vida laboral e familiar.

O Servizo Municipal de Deportes poderá requirirle aos pais, nais, titores/as documentación acreditativa de que efectivamente ten que traballar durante a quincena en que dura o campamento.

Non se deberá solicitar unha quenda que non se desexe obter.

Intentarase asignar polo menos unha quenda a cada unha das persoas solicitantes.

No caso de que se soliciten campamentos para varios fillos ou fillas dunha mesma familia, será obrigatorio que se soliciten as mesmas sedes e as mesmas quendas, aínda que se teña que facer unha solicitude por cada fillo ou filla. De non realizarse así as solicitudes, non se poderá garantir a praza de todos os/as irmáns.

5. NÚMERO DE PRAZAS OFERTADAS

Ofertarase un total de 700 prazas, distribuídas en 140 prazas por quenda.

O número de prazas coas que contará cada quenda será:

1. Campamento de Riazor: 60 prazas.
2. Campamento de Novo Mesoiro: 40 prazas
3. Campamento do Barrio das Flores: 40 prazas

Poderase aumentar o número de prazas ofertadas ata un máximo de 10 prazas para toda a duración dos campamentos. Isto só se producirá no caso de que se teña que garantir presenza no campamento de todos/as os irmáns ou irmás dunha mesma familia.

6. HORARIOS

O campamentos realizaranse de luns a venres en horario de 09:00 horas ás 14:00 horas.

No Campamento de Riazor existirá a posibilidade de solicitar o servizo de madrugadores (almorzo) e/ou comida. O horario de madrugadores será de 08:00 a 09:00 horas, e o horario de comedor será de 14:00 a 15:00 horas.

No caso de solicitar o servizo de madrugadores será obrigatorio que o menor almorce no campamento. Non se recollerán os nenos e nenas ás antes das 09:00 horas se non é para almorzar.

En función da demanda do servizo de madrugadores e comedor, poderanse ampliar os horarios anteriores, de tal forma que o servizo de madrugadores poderá alargarse ata as 09:30 horas e o comedor empezar as 13:30 horas.

7. PREZO

Os campamentos deportivos municipais urbanos de verán serán gratuítos.

No Campamento de Riazor, no caso de que se solicite algún dos servizos de madrugadores ou comedor, deberase pagar unha parte do prezo do servizo de cáterin. A outra parte pagarase directamente polo Concello da Coruña. Os prezos serán:

- Servizo de madrugadores (08:00 a 09:00 horas): 10 euros/quincena, IVE incluído.
- Servizo de comida (14:00 a 15:00 horas): 20 euros/ quincena, IVE incluído.

O pago deste servizo realízase directamente na empresa de cáterin e deberá facerse antes do inicio dos campamentos, publicarase na páxina web de Deportes o documento de domiciliación bancaria do recibo ou o número de conta para realizar a transferencia bancaria.

A estos efectos, informáse que o servizo de cáterin será con racións individuais, con utensilios de cociña desechables e cada menor deberá comer de forma autónoma.

Para iso, colocaranse mesas e sillas no Palacio dos Deportes de Riazor.

Os menores estarán controlados en todo momento por monitores e monitoras.

O servizo incluírá o seguinte:

Almorzo:

- Unha peza de froita ou zumo en tetrabrik.

- Leite (con ou sin lactosa), soa ou chocolateada, con ou sin azúcar ou calquera tipo de edulcorante.

- Galletas e/ou bollería.

Comida:

- Un primeiro prato: sopas, caldos, cremas, purés, ensaladas, pastas, verduras, arroces, etc.

- Un segundo prato: carnes, pescados, ovos e derivados coa correspondente guarnición

- Postre: yogur, flan, natillas, arroz con leite, e/o froita

- Pan

- Bebida: auga embotellada de 33 centilitros

8. PREINSCRICIÓN

Poderanse realizar as solicitudes de preinscrición os días 27, 28 e 29 de maio. As solicitudes faranse o través da web www.coruna.deportes.es, nun formulario colgado ao efecto. **O prazo remata o día 29 de maio ás 20:00 horas.**

Deberán presentar a solicitude un dos pais, nais, titores ou titoras do menor, ao seu nome e co seu NIF. Na solicitude indicará o nome do menor para o que desexa solicitar praza no campamento, con indicación da sede ou sedes e da quincena ou quincenas nas que precisa o campamento.

No caso de que queira solicitar praza para varios fillos e/ou fillas, e sempre e cando se desexe ter garantida praza para todos/as, deberá facerse o seguinte:

- a. **Realizar unha inscrición por cada menor pertencente a unha mesma familia**, na páxina web e de forma continuada no tempo. No caso de que non se cubran os formularios de forma continuada no tempo, non se lle garantizara praza a todos os fillos ou fillas. Para iso comprobarase a marca temporal que deixa rexistrada o formulario.

Nota: Enténdese que non se incumpre este requisito no caso de que se metera algunha solicitude polo medio como consecuencia de realizar a inscrición online.

- b. **Realizar todas as inscricións relativas aos menores dunha mesma familia** (irmáns e irmás) **cun mesmo NIF, NIE ou número de Pasaporte** correspondente ao pai, nai, titor ou titora. No caso de que se detecte duplicidade de inscricións con distintos datos para un ou varios menores dunha mesma familia, poderase perder o dereito a obter unha praza nun campamento deportivo municipal.
- c. **Inscribir a todos os menores dunha mesma familia na mesma sede e quenda, de tal forma que poidan asistir xuntos aos campamentos.**

- d. Cada solicitante deberá ter en conta que na adxudicación respectarase a orde de preferencia fixada pola persoa solicitante, intentado asignar polo menos unha quenda a cada menor que obtivera unha praza no campamento. Non se permitirá cambiar de quenda nin de instalación unha vez asignada.

9. PUBLICACION DA LISTAXE DE SOLICITANTES

Publicarase a listaxe das preinscricións telemáticas o día **30 de maio de 2020, ás 10:00** horas e poderase consultar na páxina web de Deportes do Concello da Coruña.

Na publicación asignaráselle un número a cada solicitude que será correlativo en función da hora, minuto e segundo na que se presentou a solicitude. O número estará vinculado co NIF, NIE ou número do país, nai ou titor que realizou a inscrición e deberase gardar ese número para todo o proceso.

Nunca se publicarán os datos do menor, polo que sempre se atenderá a ese dato en todo o proceso.

Para consulta telefónica habilitanse os teléfonos 981 18 42 00, ext. 25001 e 981 18 98 00 así como o teléfono de información gratuíta 010.

10. PRESENTACIÓN DE ALEGACIÓNS SOBRE A LISTAXE DE SOLICITANTES

No caso de que se observe algún erro na listaxe de solicitantes, poderase alegar enviando un correo electrónica á seguinte dirección deportes@coruna.es.

O correo electrónico sempre debe enviálo o mesmo pai, nai, titor ou titora que a preinscrición e será obrigatorio deixar un teléfono de contacto.

Realizaranse alegacións durante os días 30 e 31 de maio e 1 de xuño de 2020. O prazo péchase o día 1 de xuño ás 15:00 horas.

11. SORTEO PÚBLICO

O sorteo realizarase o día 3 de xuño ás 12:00 horas no Palacio dos Deportes de Riazor.

Nos supostos en que logo de aplicar o criterio de preferencia do empadroamento (en primeiro lugar) e do lugar de traballo en Coruña (en segundo lugar), se aínda así existisen mais solicitudes que prazas vacantes, celebrarase un sorteo público conforme ao seguinte procedemento:

1. Orde das solicitudes:

Asignaráselle un número a todas as solicitudes presentadas por orde cronolóxica de chegada en orden ascendente, atendendo á marca temporal.

No caso de que dúas solicitudes coincidan na mesma marca temporal ordenaranse alfabeticamente. Para ese orde non se terán en conta as preposicións nin artigos dos apelidos.

2. Sorteo:

Para establecer unha orde de adxudicación das prazas sacarase un número empregando a páxina web www.echaloasuerte.com, ou a través do procedemento de insaculación. Obterase un número para as unidades, decenas, centenas, unidades de millar, decenas de millar e demais díxitos que sexan necesarios atar obter un número con igual número de cifras que o total de solicitudes.

O sorteo será gravado en vídeo e subido á web municipal e ao Facebook de Deportes para coñecemento xeral e para garantir a máxima transparencia.

3. Resultado do sorteo:

Unha vez obtido o número, obterá praza a solicitude que coincida co dito número e todas as seguintes (en orden ascendente) ata completar o número total de prazas.

A listaxe das persoas que obtiveron praza nos campamentos deportivos municipais publicarase o na páxina web municipal de Deporte e no servizo telefónico do 010.

Intentarase asignar polo menos unha quincena a cada solicitante en función do orde de preferencia sinalada na solicitude.

Se un menor xa ten asignada unha quincena seguirá correndo a lista para asignar campamentos ao maior número de persoas posibles.

O sorteo publicarse no Facebook da Concellaría de Deportes e na páxina web da mesma concellaría.

12. LISTAXE DAS PERSOAS ADMITIDAS E EN LISTA DE ESPERA

Do resultado do sorteo sairá unha lista de agarda.

Á hora de chamar na lista de agarda intentarase que todos os nenos poidan acceder a un campamento aínda que só sexa unha quincena. Polo tanto, se un neno ou nena xa disfrutou dun campamento, poderase saltar da listaxe para chamar a outro ao que non lle tocou ningún.

En todo caso, todo o proceso será publicado na páxina web de Deportes e será totalmente transparente.

Publicaranse o día **9 de xuño as 10.00 horas** na web municipal e no 010.

Ademais, poderase obter información no teléfono dependente da Concellaría de Deportes
981 18 98 00

13. FORMALIZACIÓN DA INSCRICIÓN OU RENUNCIA

Para formalizar a inscrición será necesario levar debidamente cuberto e asinado o formulario de solicitude que se aproba con estas bases e que se colgará na páxina web de Deportes.

O dito formulario inclúe varias declaracións responsables que se deberán asinar e que se chequearon previamente no formulario de preinscricion.

Xunto con ese formulario deberase acompañar:

- ✓ Unha foto tamaño carné do menor.
- ✓ Fotocopia do DNI da nai, do pai ou da persoa titora que asina a solicitude
- ✓ Fotocopia do DNI da ou do menor ou, no seu defecto fotocopia do Libro de Familia
- ✓ Fotocopia da Tarxeta Sanitaria
- ✓ No caso de solicitar o servizo de madrugadores ou comedor, a xustificación do pagamento por transferencia bancaria ou por outro medio onde deberá figurar o nome do neno ou nena e a quincena a que corresponde o pagamento.
- ✓ Outra documentación: documentación relevante sobre datos médicos (enfermidades, alerxias, medicación) ou situacións familiares que sexa preciso coñecer para o bo desenvolvemento da actividade.

Formas de entregar a documentación:

- Rexistro electrónico cubrindo un modelo de solicitude normal e acompañando a documentación requirida neste convocatoria.
- Correo electrónico na dirección deportes@coruna.es . No caso de que se utilice este medio enviarase un correo de resposta confirmando a recepción da solicitude.
- Na sede do campamento deportivo que se lle asignou ao menor. Neste caso asinaráselle un recibí para acreditar que se recibiu a documentación.

A documentación deberase presentar os días **10, 11 e 12 de xuño de 2020**. O prazo remata o día 12 de xuño ás 15:00 horas.

Este tamén é o prazo para que o neno ou nena renuncie ao campamento. A renuncia farase polos mesmos medios que a solicitude.

No caso de no presentarse a documentación requirida entenderase que se renuncia á praza e poderase chamar ao seguinte da lista de agarda.

14. CHAMADA DA LISTAXE DE AGARDA

Poderase chamar da lista de espera durante os días do **13 ao 19 de xuño de 2020**.

Os menores que obteñan praza en lista de espera deberán entregar a documentación requirida no prazo de 3 días hábiles que se contará a partir do día seguinte ao da chamada telefónica.

15. SEGURO EN CASO DE ACCIDENTE DEPORTIVO

No caso de que o menor sufra algún tipo de lesión como consecuencia da práctica de deportes nos campamentos deportivos municipais quedará cuberto polo seguro suscrito pola Concellaría de Deportes por tratarse dunha actividade deportiva programada pola dita concellaría.

16. OUTRAS NORMAS

Normas en materia sanitaria:

- a. O menor deberá cumprir coas normas impostas en materia sanitaria polo Ministerio de Sanidade, incluído, de ser o caso, o uso obrigatorio de máscaras.
- b. O menor deberá ser coñecedor e cumprir co Protocolo aprobado polo Ministerio de Sanidade ou, de ser o caso, pola Concellaría de Deportes, en materia sanitaria motivado pola Covid-19.
- c. Para poder participar nos campamentos o menor non puido padecer ningún síntoma Covid-19 (febre, cansazo, tose seca, dificultade para respirar) nos últimos 15 días anteriores ao campamento e se aparecese algún deses síntomas durante a realización do campamento deberase poñer en coñecemento inmediatamente ante o Servizo Municipal de Deportes e o menor abandonará o campamento de inmediato.
- d. Para poder participar nos campamentos o menor ou as persoas coas que convive non puideron estar en contacto con ningunha persoa que dera positivo por Covid-19 nos últimos 15 días anteriores ao inicio dos campamentos.
- e. Para poder participar nos campamentos o menor non poderá pertencer a ningún dos grupos de risco relacionados polo Ministerio de Sanidade en materia de Covid-19, nin convivir con ningunha persoa que poida pertencer a eses grupos de risco (diabetes, enfermidade cardiovascular, hipertensión, enfermidade pulmonar crónica, inmunodeficiencia, cancro en fase de tratamento activo, mulleres embarazadas e maiores de 60 anos).
- f. A todos os participantes se lle tomará a temperatura, cada día, ao entrar e ao saír.
- g. Todos os nenos e nenas deberán desinfectar as mans na entrada.

- h. Non se poderá acceder ás instalacións con ningún xoguete, pelota, patinete, etc., nin con pulseiras, colares ou aneis.
- i. As nenas e os nenos que teñan o pelo longo deberano traer recollido, apartado da cara en todo momento, co fin de que o neno ou nena non sinta a necesidade de tocarse a cara para apartar o pelo ao realizar deporte.

Normas relacionaas coa organización e desenvolvemento dos campamentos:

- a. Non se admitirán solicitudes que non impliquen participar nunha quincena completa.
- b. No caso de que o neno ou nena non acuda ao campamento, poderase excluír de outros campamentos que lle puideran corresponder.
- c. No caso de que o menor non poida acudir a unha quincena determinada por unha circunstancia xurdida con posterioridade á inscrición, o pai ou nai ou titor/a deberá poñelo en coñecemento do Servizo Municipal de Deportes para que poida chamar a outro neno/a da listaxe de agarda. Nese caso, o neno ou nena seguirá conservando a súa praza noutro campamento.
- d. Cada neno e nena deberá acudir ao campamento cunha pequena merenda para tomar a media mañá, metida nunha bolsa ou mochila.
- e. De ser o caso, poderase solicitar que cada participante acuda ao campamento cunha bolsa ou mochila con calzado limpo que se utilizará para acceder á instalación deportiva. Ese calzado quedará na instalación nunha taquilla individual para cada neno ou nena durante os días que dure o campamento. Os nenos e nenas que o precisen deberán traer unha muda sempre e cando sexan capaces de cambiarse solos.

CAMPAMENTOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS URBANOS

(VERÁN 2020)

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN



DATOS DA PERSOA MENOR DE IDADE PARA A QUE SOLICITA O CAMPAMENTO

(Idades comprendidas entre os 6 e os 13 anos, cumpridos a 31.12.2020)

Nome:

Apelidos:

Data de nacemento:

Domicilio:

DATOS DO PAI, NAI, TITOR OU TITORA

Nome:

Apelidos:

NIF:

Teléfono de contacto 1:

Teléfono de contacto 2:

Correo electrónico:

(O correo electrónico vaise utilizar para notificarlle calquera comunicación ou incidencia relativa á súa inscrición e prescrición. Revise, por favor, o correo antes de enviar o formulario)

SEDE DO CAMPAMENTO ONDE SOLICITA A SÚA INSCRICIÓN

CAMPAMENTO DE RIAZOR (09:00 A 14:00 horas)

Solicita madrugadores (08:00 a 09:00 horas): SI/NON

Solicita comedor (14:00 a 15:0 horas): SI/NON

No caso de solicitar os servizos de comedor e/ou madrugadores, deberá abonar o importe correspondente a este servizo no momento de formalizar a matrícula. O pago faráselle directamente á empresa adxudicataria do servizo de catering que lle comunicará o Servizo Municipal de Deportes.

No caso de solicitar o servizo de madrugadores e/ou comedor, indique se é preciso un menú especial: SI/ NON

En caso afirmativo, indique que menú solicita:

- Basal
- Celíaco
- Hipocalórico ou baixo en colesterol
- Sen frutosa
- Sen lactosa
- Sen froitos secos
- Sen leguminosas
- Outro tipo:

Indique a quenda solicitada (marque cunha X):

Do 29 de xuño ao 12 de xullo	
Do 13 de xullo ao 26 de xullo	
Do 27 de xullo ao 9 de agosto	
Do 10 de agosto ao 23 de agosto	
Do 24 de agosto ao 6 de setembro	

CAMPAMENTO DE NOVO MESOIRO (9:00 A 14:00 horas)

Do 29 de xuño ao 12 de xullo	
Do 13 de xullo ao 26 de xullo	
Do 27 de xullo ao 9 de agosto	
Do 10 de agosto ao 23 de agosto	
Do 24 de agosto ao 6 de setembro	

CAMPAMENTO DO BARRIO DAS FLORES (09:00 A 14:00 horas)

Do 29 de xuño ao 12 de xullo	
Do 13 de xullo ao 26 de xullo	
Do 27 de xullo ao 9 de agosto	
Do 10 de agosto ao 23 de agosto	
Do 24 de agosto ao 6 de setembro	

OUTROS DATOS DE INTERESE

O/a solicitante posúe algunha alerxia alimentaria? SI/NON

No caso de ser afirmativo, por favor, detalle o tipo de alerxia:

O/a solicitante padece algunha doenza que lle impida realizar actividades físicas: SI /NON

Por favor, detalle o tipo de doenza:

O/a solicitante sabe nadar: SI / NON

No caso de que precise algún elemento de apoio para nadar indíqueo aquí:

O/a solicitante precisa algún tipo de atención específica individualizada: SI/ NON

En caso afirmativo, por favor, detalle o máximo posible:

O solicitante presenta algunha discapacidade: SI / NON

En caso afirmativo, por favor, indique o tipo:

O/a solicitante precisa atención médica específica (diabetes, epilepsia, medicación...):
SI/NON

En caso afirmativo, por favor, detalle o máximo posible:

RECOLLIDA DOS MENORES AO REMATAR O CAMPAMENTO

AUTORIZO ás persoas relacionadas a continuación para a recollida do meu fillo/a dos campamentos urbanos do 2020:

(O solicitante da inscrición xa non é necesario nesta relación, si é importante poñer o outro proxenitor ou si hai algún tipo de cuestión legal por favor indícalo no apartado de outras cuestións)

NOME E APELIDOS	NIF/NIE	Parentesco/relación

No caso de que se autorice a recollida dos menores por persoas distintas ao solicitante, deberán aportar no momento de realizar a inscrición unha fotocopia do NIF ou NIE.

AUTORIZO a que o meu fillo/a menor de idade abandone o recinto municipal unha vez finalizada a xornada de campamento so baixo a miña responsabilidade: (só para o caso de nenos e nenas a partir de 11 anos): SI / NON

SAÍDAS E EXCURSIÓNS

AUTORIZO á que o meu fillo/a se desprace (en autobús ou andando) dentro do término municipal da Coruña para acudir a instalacións deportivas municipais co fin de practicar deporte e xogos, e tamén a outro tipo de instalación, parque ou praia (sempre dentro da cidade) no caso de que se organice algunha excursión: SI / NON

USO DA IMAXE DO MENOR

AUTORIZO á que se lle saquen fotos ao meu fillo/a ou a que se grave algún vídeo onde poida aparecer de forma puntual, para a súa publicación na páxina web do Concello da Coruña ou nas redes sociais do propio Concello, así como para que, no seu caso, o menor poida levar de recordo algunha foto do campamento: SI /NON

A Coruña,

Asdo.....

PROTECCIÓN DE DATOS

Consonte ao RGD (EU) 2016/679, do 27 de abril de 2016, e a súa lexislación complementaria, cedo os datos persoais recollidos nesta inscrición para que sexan incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de A Coruña. Respecto deles, poderei exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación, nos termos previstos na citada lexislación, dirixíndome por escrito, no rexistro xeral do Concello de A Coruña. A estes datos terá acceso a empresa que contrato o Concello da Coruña para a xestión dos campamentos municipais, incluída a empresa de cátering, así como os seus traballadores/as vencellados a esta actividade e serán tratados de forma confidencial.

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D.^a

con NIF/NIE ou PASAPORTE, en calidade de nai, pai ou representante legal do/a
dito/a menor

DECLARO baixo a miña responsabilidade que o menor para o que solicito a preinscrición no campamento deportivo municipal de verán:

- Estar empadroadado no Concello de A Coruña: SI / NON

- Que preciso a conciliación laboral para o coidado do menor: SI /NON

(Só se pode declarar esta circunstancia no caso de que os dous proxenitores estean traballando na data solicitada dos campamentos de verán)

- Que a pesar de non estar empadroadado no Concello da Coruña, que o pai, nai ou titora do menor traballa no término municipal da Coruña: SI /NON

- Coñezo o protocolo aprobado pola Concellaría de Deportes para a realización dos campamentos deportivos municipais e o seu cumprimento de forma exhaustiva.

Asimesmo, DECLARO:

Que, a pesar da existencia dun protocolo de volta á actividade, son consciente dos riscos que entraña a práctica deportiva en espazos comúns con outros nenos e nenas nunha situación de pandemia como a que nos encontramos na actualidade.

Que o neno ou nena non padeceu ningún síntoma Covid-19 (febre, cansazo, tose seca, dificultade para respirar) nos últimos 15 días e que se aparecese algún deses síntomas antes ou durante a realización do campamento comunicareino inmediatamente ante o Servizo Municipal de Deportes e o menor abandonará o campamento de inmediato.

Que o menor ou as persoas coas que convive non estiveron en contacto con ningunha persoa que dera positivo por Covid-19 nos últimos 15 días e que se estiveran en contacto antes ou durante a realización do campamento comunicareino inmediatamente ante o Servizo Municipal de Deportes e o menor abandonará o campamento de inmediato.

Que o menor non pertence a ningún dos grupos de risco relacionados polo Ministerio de Sanidade en materia de Covid-19, nin convive con ningunha persoa que poida pertencer a eses grupos de risco (diabetes, enfermidade cardiovascular, hipertensión, enfermidade pulmonar crónica, inmunodeficiencia, cancro en fase de tratamento activo, mulleres embarazadas e maiores de 60 anos).

A Coruña,

Asdo.